



Concello da Coruña

Anotada en el Libro de Resoluciones de la Junta de Gobierno Local, con el núm: RES/AYT/9206/2025 20/05/2025

Área / Unidad ASISTENCIA SOCIAL AS0000B LAC	Documento 10519I0JGB	
Código de verificación  6Y2K 2528 0Y5N 2O65 0P82	Expediente 105/2025/3607	
	Fecha 15-05-2025	

ASUNTO: APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA ESPECÍFICA PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL SEN ÁNIMO DE LUCRO DO CONCELLO DA CORUÑA PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES OU PROXECTOS DE INTERESE SOCIAL PARA O ANO 2025

RESOLUCION

I. Antecedentes

O Concello da Coruña, en virtude do establecido no artigo 25 da Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das Bases de Réxime Local e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia, ten atribuída a competencia para promover actividades que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. En todo caso, ditas competencias exerceranse nos termos da lexislación estatal e autonómica en materia de servizos sociais, entre a que se a atopa a Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.

A concesión de axudas económicas constitúe un instrumento básico e indispensable para a consecución dos obxectivos fixados na política social e económica do Concello da Coruña. Por iso, dende a Concellaría de Benestar Social, Participación e Igualdade, co fin de reforzar o seu compromiso de apoio e cooperación ás entidades de iniciativa social ou agrupacións de persoas que realizan actividades ou proxectos de promoción e reinserción social, prestación de servizos sociais e, en xeral, as que persigan un interese social no ámbito dos servizos sociais, promove esta convocatoria específica de subvencións destinadas a entidades de interese social.

A este respecto, o artigo 72 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local dispón: "*As Corporacións Locais favorecen o desenvolvemento das asociacións para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños, facilitaránlle a máis ampla información sobre as súas actividades e, dentro das súas posibilidades, o uso dos medios públicos e acceso ás axudas económicas para a realización das súas actividades e impulsan a súa participación na xestión da Corporación nos termos do número 2 do artigo 69*".

Terceiro.- O Decreto de 17 de xuño de 1955 (publicado no BOE nº 196, de data 15/07/1955), polo que se aproba o regulamento de Servizos das Corporacións Locais establece que "*As Corporacións Locais poderán conceder subvencións a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou suplan aos atribuídos á competencia local*".

O obxecto deste informe é a aprobación da convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións destinadas a apoiar ás entidades de iniciativa social, sen ánimo de lucro, do concello da Coruña para realizar actividades ou proxectos de interese social para o ano 2025, cun importe de 125.00,00 euros.

II. Fundamentos xurídicos

O marco normativo polo que se rexerá esta convocatoria específica de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro do concello da



Concello da Coruña

Coruña para a realización de actividades ou proxectos de interese social para o ano 2025 está constituído polas lei e disposicións que se citan a continuación e polas súas normas de desenvolvemento, así por cantas normas legais ou regulamentarias, que conteñan prescricións relativas ás subvencións ou sexan susceptibles de producir efectos no devandito ámbito:

- Lei 7/85, de 2 abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, da Administración Local de Galicia.
- Lei 13/2008, de 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia.
- Decreto de 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/15, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administración públicas.
- Lei 40/15, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.
- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.
- Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.
- Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.
- Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos, aprobada polo Pleno do Excmo. Concello na sesión de data 06 de xuño do 2024, (BOP nº 157 do 16.08.2024)

O artigo 9.2 da LXS dispón que con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as bases reguladoras da concesión. Asemade, o artigo 17.2 da LXS prevé que as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.

A Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos regula no seu artigo 1.1 o obxecto desta norma, indicando que:

"Artigo 1.

1. Nos termos establecidos na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións (en adiante LXS) e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante LSG), esta ordenanza ten por obxecto o establecemento das bases reguladoras xerais do procedemento de concesión de subvencións por parte do Concello da Coruña e dos seus organismos públicos, en canto que entidades de dereito público con personalidade xurídica propia vencelladas ou dependentes do Concello, e na medida na que as subvencións que outorguen sexan consecuencia do exercicio de potestades administrativas."

Deste xeito, a aprobación das bases reguladoras desta convocatoria específica de concesión de subvencións para entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro destinadas a actividades ou proxectos de interese social do Concello da Coruña para o exercicio 2025, adóptase no marco da Ordenanza municipal de bases reguladoras xerais para a concesión de subvencións polo Concello da Coruña e os seus organismos autónomos.

O procedemento iníciase de oficio, mediante a aprobación desta convocatoria pola Concelleira delegada responsable da Área de Benestar Social, Participación e Igualdade e a posterior publicación, a través da Intervención Xeral, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto desta no Boletín Oficial da Provincia (BOP). O procedemento para a súa concesión tramítase en réxime de concorrencia



Concello da Coruña

competitiva (artigos 23 e seguintes da LXS en relación cos artigos 20 e seguintes da LSG) mediante a comparación de solicitudes que se presenten, a fin de establecer unha prelación conforme os criterios de valoración da base 13 da convocatoria, e adxudicar, co límite previsto na base 5, aquelas que obtiveran maior valoración.

III. Existencia de crédito

O artigo 34.1 LXS en relación co artigo 31 de la LSG obrigan a efectuar a aprobación do gasto con carácter previo á convocatoria das subvencións. O crédito destinado a esta convocatoria é de cento vinte cinco mil euros (125.000,00 €) que se imputarán á aplicación orzamentaria 51.231.489.00 cuxa rúbrica é "outras transferencias correntes a familias e institucións sen fins de lucro" do Orzamento xeral do concello para o ano 2025 (BOP núm. 70, de data 11/04/2025). Para atender os gastos derivados deste acordo que se propón é necesario autorizar crédito con cargo á devandita aplicación orzamentaria.

IV. Competencia

Os acordos que se adopten son atribución da Xunta de Goberno Local que establece o artigo 127 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

A Xunta de Goberno, por Acordo de data 04/07/2024 (BOP núm. 131, do 05/07/2024) delegou, de conformidade co previsto no art. 5.2 do Regulamento Orgánico Municipal, na alcaldesa e nos tenentes e tenenta de alcaldesa que teñen atribuídas por Decreto da Alcaldía a condición de coordinadora ou coordinadores responsables de área, coas facultades de dirección e xestión en xeral dos servizos a cada área respectiva, nos seus ámbitos funcionais e orgánicos unha serie de atribucións. O apartado i) do citado acordo acordou delegar o desenvolvemento de todos os actos de xestión económica (excluídos contratos, concesión e negocios xurídicos patrimoniais que se rixen polo apartado c), e nomeadamente a convocatoria de axudas e subvencións e a súa resolución de concesión así como a aprobación de subvencións nominativamente previstas no orzamento e do seu convenio nominativo, ata un importe de cincocentos miles de euros (500.000,00 €), IVE excluído, así como a autorización e disposición do gasto correspondente, sempre que se realicen con cargo a aplicacións orzamentarias cuxa xestión lles corresponda.

Á vista do anterior, propónse a tramitación da correspondente convocatoria específica para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro do Concello de A Coruña para a realización de actividades ou proxectos de interese social para o ano 2025.

Segundo o exposto e o informe emitido pola xefa de servizo de Servizos sociais, a concelleira delegada da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade, por delegación da Xunta de Goberno Local, Acordo de data 04/07/2024 (BOP núm. 131, do 05/07/2024), en uso das atribucións que ten conferidas

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar a convocatoria específica para a concesión, en réxime de concorrència competitiva, de subvencións destinadas a entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro do Concello de A Coruña para a realización de actividades ou proxectos de interese social para o ano 2025, cun importe de cento vinte cinco mil euros (125.000,00 €), que se une ao expediente mediante documento con código seguro de verificación 0C2V 6R6L 5414 6F3V 0BQK na súa versión en castelán e 6W5F 3F5D 2X26 6Y0F 0QA5 na súa versión en galego.

Achégase coa convocatoria os seguintes documentos con código seguro de verificación:

- Anexos versión en castelán. CSV 352P 5920 0T2J 2X2M 0744



Concello da Coruña

- Anexos versión en galego. CSV 0A4X 4I4K 4W13 1T72 1CVS

Segundo.- Autorizar o gasto de cento vinte cinco mil euros (125.000,00 euros) correspondente a convocatoria específica de concesión, en réxime de concorrência competitiva, de subvencións destinadas a apoiar ás entidades de iniciativa social sen ánimo de lucro do concello da Coruña para realizar actividades ou proxectos de interese social durante o ano 2025, gasto imputable á aplicación 51.231.489.00 do Orzamento xeral do concello para o ano 2025 (BOP núm. 70, de data 11/04/2025).

Terceiro.- Remitir, a través da Intervención Municipal, á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), a información e documentación que resulte necesaria coa finalidade de que se publique o extracto desta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Cuarto.- Publicar na sede electrónica e na páxina web municipal un extracto da convocatoria aprobada aos efectos de dar publicidade e difusión.

Quinto.- Encomendar ao servizo de Servizos Sociais a tramitación e seguimento desta convocatoria.

O presente acordo pon fin a vía administrativa e cabe interpoñer polos interesados, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o órgano que adopta este acordo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do mesmo (artigos 123 e seguintes da Lei 39/15, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas) ou interpoñer directamente, recurso contencioso administrativo ante o xulgado do contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste acordo (artigos 8 e 46 da Lei 29/98, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso-administrativa), sen prexuízo de que os interesados poidan interpoñer calquera outro que estimen pertinente.

A Coruña, na data de sinatura electrónica que consta no documento.

A Xunta de Goberno Local, P.D, Acordo de data 04/07/2024 (BOP núm. 131, do 05/07/2024)

A concelleira delegada da Area de Benestar Social, Participación e Igualdade

Nereida Canosa Domínguez